

PROGRAMA

La situación de las Artes

Francisco Jarauta

Catedrático de Filosofía
de la Universidad de Murcia

CGAC / SANTIAGO DE COMPOSTELA > 5 MAYO 20.00 h

FUNDACIÓN BARRIÉ / A CORUÑA > 6 MAYO 20.00 h

Transurbanismos de andar por casa

Andrés Jaque

Arquitecto

FUNDACIÓN BARRIÉ / A CORUÑA > 13 MAYO 20.00 h

Las galerías como agentes dinamizadores del desarrollo del Arte

Juana de Aizpuru

Galerista

FUNDACIÓN BARRIÉ / A CORUÑA > 9 JUNIO 20.00 h

CGAC / SANTIAGO DE COMPOSTELA > 10 JUNIO 20.00 h

33 artistas en 3 actos

Sarah Thornton

Escritora

y socióloga del arte

CGAC / SANTIAGO DE COMPOSTELA > 22 JUNIO 20.00 h

[Conferencia con traducción simultánea]

Fundación Barrié

ACTIVIDAD GRATUITA

ORGANIZA

Fundación Barrié

COLABORA

CGAC

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Fundación Barrié
A Coruña

CGAC

Santiago de Compostela

COORDINADORA

María Luisa Sobrino Manzanares
Vocal del Patronato del CGAC

SECRETARÍA

Chus Martínez Domínguez

Imagen de portada: Sede Fundación Barrié (Vigo) © Juan Rodríguez

www.fundacionbarrie.org
www.cgac.org

CGAC CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

XUNTA
DE GALICIA

Fundación Barrié



CICLO DE CONFERENCIAS

MIENTRAS SUCEDE DERIVAS DEL PRESENTE

ARTE Y CULTURA EN EL NUEVO SIGLO (I)

Mientras sucede. Derivas del presente pretende dar respuestas sobre los lugares y las ideas de la creación, en un ciclo de conferencias que gira sobre las distintas visiones del mundo artístico contemporáneo: ¿Cuáles son las nuevas etiquetas del presente? ¿Cómo resiste la crítica? ¿Por qué seguimos deseando marcar nuevas tendencias? ¿Cuáles son los nuevos desafíos del museo y las galerías? ¿Cómo se ve y se escribe frente y desde el presente?

Se trata de reconocer las derivas y marcar los procesos, introducirse en la transformada actualidad y recorrer los paisajes cambiantes y diversos que vienen sucediendo en el arte del presente. Desde estas y muchas otras preguntas, en este conjunto de conferencias, pretendemos ofrecer un retrato de la complejidad de la creación actual, y recoger sus respuestas desde la voz de protagonistas y agentes de diferentes ámbitos, desde la historia y la teoría del arte, la arquitectura o la experiencia artística. Una oportunidad para generar una suerte de mapa de teorías, experiencias, prácticas, lugares y críticas del arte presente.

Las nuevas miradas de la historia del arte y de las ideas recibirán la primera de las intervenciones con el filósofo **Francisco Jarauta**, le seguirá el territorio crítico de los trabajos de **Andrés Jaque**, el encuentro con la experiencia desde el mundo de la galería con **Juana de Aizpuru** y la reflexión desde y frente al sistema artístico con **Sarah Thornton**. Todo, entre muchos otros temas y debates tangenciales, será presentado en formatos diferentes, bien mediante conferencia magistral, bien con la colaboración de otros agentes en conversaciones o diálogos. En todos los casos se busca un debate con el público asistente y la relación y *feedback* con las redes sociales.

María Luisa Sobrino Manzanares

Coordinadora del ciclo

Vocal del Patronato del CGAC

CGAC > 5 MAYO
FUNDACIÓN BARRIÉ > 6 MAYO

FRANCISCO JARAUTA



Catedrático de Filosofía de la Universidad de Murcia, ha realizado estudios de Historia, Historia del Arte y Filosofía en las Universidades de Valencia, Roma, Münster-Westfalia, Berlín y París. Profesor invitado de universidades

europas y americanas, sus trabajos se orientan especialmente en el campo de la historia de las ideas, la filosofía de la cultura, la estética y teoría del arte. Entre sus numerosas publicaciones merecen ser destacados los ensayos *Kierkegaard. Los límites de la dialéctica del individuo*, *La filosofía y su otro* y *Fragmento y totalidad: los límites del clasicismo*. Recientemente ha sido comisario de varias exposiciones internacionales como *El hilo de Ariadna* (2012) y *Colección IVAM. XXV Aniversario* (2014).

La situación de las Artes

En las últimas décadas la institución del arte ha jugado un papel creciente a la hora de establecer los códigos de lectura de todos aquellos problemas que, desde la identidad a la diferencia cultural, las formas del poder y su uso, emergencias y conflictos varios, han ido definiendo las transformaciones del mundo contemporáneo. Esta reflexión da cuenta de un análisis, entre cultura y arte, del mundo actual, contrastado por la mirada de la crítica y por la discusión acerca del papel que deben desempeñar instituciones como museos, centros de cultura contemporánea y, en definitiva, el arte en la pluralidad de sus formas y prácticas. ▲

Vista de la exposición 93 © CGAC. Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela
Fotografía: © Mark Ritchie

FUNDACIÓN BARRIÉ > 13 MAYO

ANDRÉS JAQUE



Arquitecto por la ETSAM y “Tessenow Stipendiat” de la Alfred Toepfer Stiftung FVS, es profesor de Diseño Avanzado en Columbia University GSAPP y profesor visitante en Princeton University SoA. Su proyecto “IKEA Disobedients” es la primera situación arquitectónica incorporada a la colección del Museum of Modern Art de Nueva York (MoMA). Fundador de la Oficina de Innovación Política, ha sido premiado con el “León de Plata” al mejor proyecto de investigación de la 14 Bienal de Venecia dirigida por Rem Koolhaas y ganador en 2015 del “Young Architects Program” del MoMA PS1.

Transurbanismos de andar por casa

No hacemos política en las plazas. No vivimos en casas. No cultivamos en el campo. Ni la ciudad, ni el suburbio, ni lo rural son capaces de contener la cotidianidad contemporánea. Una selección de investigaciones y proyectos de la Oficina de Innovación Política permiten adelantar cómo la interacción social en estos momentos desborda las imágenes estereotipadas de lo urbano para alojarse en composiciones transtecnológicas, discontinuas y performativas. Proyectos como “Sales Oddity”, “IKEA Disobedients” o “ESCARAVOX”, tienen como objetivo operar en esta transformación y explorar las formas transtecnológicas de lo político. ▲

Andrés Jaque. Escaravox. Matadero Madrid, 2012. Fotografía: © Miguel de Guzmán

FUNDACIÓN BARRIÉ > 9 JUNIO
CGAC > 10 JUNIO

JUANA DE AIZPURU



Juana de Aizpuru ha dedicado su vida al arte contemporáneo, fundamentalmente como galerista. En 1970 abre su primera galería en Sevilla y en 1982 en Madrid, ambos espacios orientados a la promoción de las nuevas tendencias, tanto españolas como internacionales. Se distingue por haber sido artífice de ARCO Madrid, la principal feria de arte contemporáneo en España, y de la Asociación Española de Galeristas de Arte Contemporáneo. Su actividad como galerista la ha compaginado con el comisariado de exposiciones. Su trayectoria ha sido reconocida con importantes premios como la Medalla de Oro a las Bellas Artes.


Las galerías como agentes dinamizadores del desarrollo del Arte

La veterana galerista ofrecerá un recorrido a través de los casi 45 años de existencia de su galería, analizando la evolución de la sociedad, durante todo este tiempo y, por ende, del mundo del arte y de las galerías. Un viaje a través de una geografía personal, de las exposiciones, especialmente de los artistas, y también de los retos y proyectos del presente, del coleccionismo y del mercado del arte. ▲

Vista de la exposición de Rui Chafes, *La sombra de Giorgio de Chirico*. Galería Juana de Aizpuru, Madrid (14 de diciembre de 2013 al 9 de febrero de 2014)

CGAC > 22 JUNIO

SARAH THORNTON



Escritora y socióloga del arte, titulada en Historia del Arte y con un doctorado en sociología, *Drawing from Howard Becker and Pierre Bourdieu*, su tesis doctoral fue publicada como *Club Cultures: Music, Media and Sub-cultural Capital*. Thornton ha sido la redactora jefe en arte contemporáneo para *The Economist*, ha colaborado en muchas publicaciones, programas de televisión y emisoras de radio y fue coeditora

de la primera edición de *The Subcultures Reader*. Es autora de *Siete días en el mundo del arte*, un best seller internacional disponible en 16 idiomas. En 2014 publica *33 artistas en 3 actos*, un lúcido examen acerca del elevado papel que los artistas ocupan como figuras esenciales de nuestra cultura.

33 artistas en 3 actos

Sarah Thornton disertará sobre la estructura y la metodología de su nuevo libro *33 artistas en 3 actos*, el cual explora distintas cuestiones en torno a los artistas: ¿Qué es un artista hoy en día? ¿Cómo los artistas dominan la credibilidad en su trabajo? ¿Cómo se mueven a través del mundo de arte y su juego? ¿Qué mitos artísticos animan o rechazan? ▲

[Conferencia con traducción simultánea]

FALTA PIE DE FOTO

PROGRAMA

A situación das Artes

Francisco Jarauta

Catedrático de Filosofía
da Universidade de Murcia

CGAC / SANTIAGO DE COMPOSTELA > 5 MAIO 20.00 h

FUNDACIÓN BARRIÉ / A CORUÑA > 6 MAIO 20.00 h

Transurbanismos caseiros

Andrés Jaque

Arquitecto

FUNDACIÓN BARRIÉ / A CORUÑA > 13 MAIO 20.00 h

As galerías como axentes dinamizadores do desenvolvemento

da Arte

Juana de Aizpuru

Galerísta

FUNDACIÓN BARRIÉ / A CORUÑA > 9 XUÑO 20.00 h

CGAC / SANTIAGO DE COMPOSTELA > 10 XUÑO 20.00 h

33 artistas en 3 actos

Sarah Thornton

Escritora

e socióloga da arte

CGAC / SANTIAGO DE COMPOSTELA > 22 XUÑO 20.00 h

[Conferencia con tradución simultánea]

Fundación Barrié

ACTIVIDADE GRATUÍTA

ORGANIZA

Fundación Barrié

COLABORA

CGAC

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Fundación Barrié

A Coruña

CGAC

Santiago de Compostela

COORDINADORA

María Luisa Sobrino Manzanares

Vogal do Padroado do CGAC

SECRETARÍA

Chus Martínez Domínguez

Imaxe de portada: Sede Fundación Barrié (Vigo) © Juan Rodríguez

www.fundacionbarrie.org

www.cgac.org

CGAC CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

 XUNTA
DE GALICIA

Fundación Barrié



CICLO DE CONFERENCIAS

MENTRES SUCEDE

DERIVAS DO PRESENTE

ARTE E CULTURA NO NOVO SÉCULO (I)

Mentres sucede. Derivas do presente pretende dar respostas sobre os lugares e as ideas da creación, nun ciclo de conferencias que xira sobre as distintas visións do mundo artístico contemporáneo: Cales son as novas etiquetas do presente? Como resiste a crítica? Por que seguimos a desexar marcar novas tendencias? Cales son os novos desafíos do museo e as galerías? Como se ve e se escribe fronte e desde o presente?

Trátase de recoñecer as derivas e marcar os procesos, introducirse na transformada actualidade e percorrer as paisaxes cambiantes e diversas que veñen sucedendo na arte do presente. Desde estas e moitas outras preguntas, neste conxunto de conferencias, pretendemos ofrecer un retrato da complexidade da creación actual, e recoller as súas respostas desde a voz de protagonistas e axentes de diferentes eidos, desde a historia e a teoría da arte, a arquitectura ou a experiencia artística. Unha oportunidade para xerar unha sorte de mapa de teorías, experiencias, prácticas, lugares e críticas da arte presente.

As novas olladas da historia da arte e das ideas recibirán a primeira das intervencións co filósofo **Francisco Jarauta**, seguiralle o territorio crítico dos traballos de **Andrés Jaque**, o encontro coa experiencia desde o mundo da galería con **Juana de Aizpuru** e a reflexión desde e fronte ao sistema artístico con **Sarah Thornton**. Todo, entre moitos outros temas e debates tanxenciais, presentarase en formatos diferentes, quer mediante conferencia maxistral, quer coa colaboración doutros axentes en conversas ou diálogos. En todos os casos se busca un debate co público asistente e a relación e *feedback* coas redes sociais.

María Luisa Sobrino Manzanares

Coordinadora do ciclo

Vogal do Padroado do CGAC

CGAC > 5 MAIO
FUNDACIÓN BARRIÉ > 6 MAIO

FRANCISCO JARAUTA



Catedrático de Filosofía da Universidade de Murcia, realizou estudos de Historia, Historia da Arte e Filosofía nas Universidades de Valencia, Roma, Münster-Westfalia, Berlín e París. Profesor invitado de universidades

europas e americanas, os seus traballos oríentanse especialmente no campo da historia das ideas, a filosofía da cultura, a estética e teoría da arte. Entre as súas numerosas publicacións merecen ser salientados os ensaios *Kierkegaard. Los límites de la dialéctica del individuo*, *La filosofía y su otro* e *Fragmento y totalidad: los límites del clasicismo*. Recentemente foi comisario de varias exposicións internacionais como *El hilo de Ariadna* (2012) e *Colección IVAM. XXV Aniversario* (2014).

A situación das artes

▀ Nas últimas décadas a institución da arte xogou un papel crecente á hora de establecer os códigos de lectura de todos aqueles problemas que, desde a identidade á diferenza cultural, as formas do poder e o seu uso, emerxencias e conflitos varios, foron definindo as transformacións do mundo contemporáneo. Esta reflexión dá conta dunha análise, entre cultura e arte, do mundo actual, contrastado pola ollada da crítica e pola discusión verbo do papel que deben desempeñar institucións como museos, centros de cultura contemporánea e, en definitiva, a arte na pluralidade das súas formas e prácticas. ▴

Vista da exposición 93 © CGAC. Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela
Fotografía: © Mark Ritchie

FUNDACIÓN BARRIÉ > 13 MAIO

ANDRÉS JAQUE



Arquitecto pola ETSAM e “Tessenow Stipendiat” da Alfred Toepfer Stiftung FVS, é profesor de Deseño Avanzado en Columbia University GSAPP e profesor visitante en Princeton University SoA. O seu proxecto “IKEA Disobedients” é a primeira situación arquitectónica incorporada á colección do Museum of Modern Art de Nova York (MoMA). Fundador de Oficina de Innovación Política, foi premiado co “León de Prata” ao mellor proxecto de investigación da 14 Bienal de Venecia irixida por Rem Koolhaas e gañador no 2015 do “Young Architects Program” do MoMA PS1.

Transurbanismos caseiros

▀ Non facemos política nas prazas. Non vivimos nas casas. Non traballamos o campo. Nin a cidade, nin o suburbio, nin o rural son quen de conter o día a día contemporáneo. Unha escolma de investigacións e proxectos da Oficina de Innovación Política permiten adiantar como a interacción social nestes momentos desborda as imaxes estereotipadas do urbano para aloxarse en composicións transtecnolóxicas, discontinuas e performativas. Proxectos como “Sales Oddity”, “IKEA Disobedients” ou “ESCARAVOX”, teñen como obxectivo operar nesta transformación e explorar as formas transtecnolóxicas do político. ▴

Andrés Jaque. Escaravox. Matadero Madrid, 2012. Fotografía: © Miguel de Guzmán

FUNDACIÓN BARRIÉ > 9 XUÑO
CGAC > 10 XUÑO

JUANA DE AIZPURU



Juana de Aizpuru dedicou a súa vida á arte contemporánea, fundamentalmente como galerista. En 1970 abre a súa primeira galería en Sevilla e en 1982 en Madrid, ambos espazos orientados á promoción das novas tendencias, tanto españolas como internacionais. Distínguese por ter sido artífice de ARCO Madrid, a principal feira de arte contemporánea en España, e da Asociación Española de Galeristas de Arte Contemporánea. A súa actividade como galerista compaxinoua co comisariado de exposicións. A súa traxectoria foi recoñecida con importantes premios como a Medalla de Ouro ás Belas Artes.

As galerías como axentes dinamizadores do desenvolvemento da Arte

▀ A veterana galerista ofrecerá un percorrido a través dos case 45 anos de existencia da súa galería, analizando a evolución da sociedade, durante todo este tempo e, por tanto, do mundo da arte e das galerías. Unha viaxe a través dunha xeografía persoal, das exposicións, especialmente dos artistas, e tamén dos retos e proxectos do presente, do coleccionismo e do mercado da arte. ▴

Vista da exposición de Rui Chafes, *La sombra de Giorgio de Chirico*. Galería Juana de Aizpuru, Madrid (14 de decembro de 2013 ao 9 de febreiro de 2014)

CGAC > 22 XUÑO

SARAH THORNTON



Escritora e socióloga da arte, titulada en Historia da Arte e cun doutorado en socioloxía, *Drawing from Howard Becker and Pierre Bourdieu*, a súa tese de doutoramento foi publicada como *Club Cultures: Music, Media and Subcultural Capital*. Thornton foi a redactora xefe en arte contemporánea para *The Economist*, ten colaborado en moitas publicacións, programas

de televisión e emisoras de radio e foi coeditora da primeira edición de *The Subcultures Reader*. É autora de *Sete días no mundo da arte*, un best seller internacional dispoñible en 16 idiomas. En 2014 publica *33 artistas en 3 actos*, un lúcido exame verbo do elevado papel que os artistas ocupan como figuras esenciais da nosa cultura.

33 artistas en 3 actos

▀ Sarah Thornton disertará sobre a estrutura e a metodoloxía do seu novo libro *33 artistas en 3 actos*, o cal explora distintas cuestións arredor dos artistas: Que é un artista hoxe en día? Como os artistas dominan a credibilidade no seu traballo? Como se moven a través do mundo da arte e o seu xogo? Que mitos artísticos animan ou rexeitan? ▴

[Conferencia con tradución simultánea]

FALTA PIE DE FOTO